



Ledicia Costas



Foto: elpais.es

Da negra vida

Por Xosé M. Eyré (Ferradura en Tránsito II)

Permítanme que comece lembrando un sucedido que ten todo que ver coa autora de novela que imos comentar. Era un sábado de xuño. Xabier P. DoCampo e mais eu entretiñamos o tempo mentres agardabamos o embarque para San Simón, onde se ían resolver os Xerais daquel ano. E deunos por comentar a actualidade da narrativa galega deica entón. Nesa altura non adoita haber moito a tratar porque o máis interesante gárdano as editoras para a segunda parte do ano, coincidindo co Nadal. Eu lembro que falei dun autor que acababa de publicar unha novela (breve) que quizá era o máis salientábel, na miña opinión. “Ese nunca será novelista. Xa verás. Ledicia Costas, esa si que vai dar unha grande narradora”. Ese foi comentario do Xabier, e eu concordei. Ledicia levaba xa algúns títulos publicados e eran abondo prometedores como para agardar que o prognóstico do Xabier fora acertado.

Pois ben. Despois dunha exitosa e recoñecida pasaxe pola literatura para os máis novos, aquí teñen un título para adultos e a oportunidade de comprobar como Xabier P. DoCampo era quen de entender e identificar os grandes segredos da narración, o que lle permitía discernir claramente quen era un/unha narrador/narradora de lei ou non. Pola nosa parte confesamos que agardabamos impacientemente esta novela.

Ese xogo de sombras entre a novela negra e a reslista a se alternar e confundir, habilísimo, vese acompañado por, a noso xuízo, outro dos grandes acertos da novelista. Ledicia Costas sabe construír moi ben atmosferas. As atmosferas en que se moven as personaxes e, o que é moi importante, as atmosferas que moven as personaxes, todas dotadas dun rico mundo interior. E que nos convidan a reflexinar sobre a liña que separa vítimas e culpábeis, ou como as vítimas poden devir en noxentos culpábeis, quizá sexa que unha cousa leva á outra, quizá. Personaxes que sempre agochan no seu interior algo que as fai penar máis que vivir, e que se



Tertulias literarias

van expoñendo pouco a pouco, até atrapar ao lector de xeito que este se sente involucrado no devir da trama, como testemuña, mais imprescindible. Eis un grande éxito de Ladicia Costas, quen vai deixando tamén pingas de lirismo nas páxinas da novela, moi medidas, e que complementan os poemas intercalados de Félix Francisco Casanova, poeta canario que ben pode entrar no clube dos poetas “malditos”.

En si, a trama novelesca de Infamia presenta a unha profesora de Dereito que marcha impartir docencia a Merlo, que é unha cidade que garda un misterio desde hai 25 anos: a desaparición das irmás Giraud. Mentres vai coñecendo os actores desa traxedia tamén se vai informando desde Internet, desde a prensa, ao falar c@s afectad@s. Isto levaráa a mergullarse no pozo máis negro dos segredos que garda Merlo, que veñen sendo os que atinxen á sociedade actual, á sociedade que vivimos. Non falta mención aos sucesos de Alcácer, e pola trama irán aparecendo a corrupción policial ou os casos de pederastia na Igrexa Católica. De xeito que, segundo imos pasando follas, nos internamos nun mundo sórdido, escuro e pezoñento. Propio da novela negra (que está tan de moda, aínda que a maioría dos exemplos propostos sexan detectivescos ou policiaais), de aí que titulemos así estas liñas. Mais a autora, cunha habilidade realmente salientábel, non nos deixa instalados na novela negra senón que, case sen decatarnos, nos devolve á novela realista, deixando clara unha mensaxe: a mellor novela negra non hai que escribirla, é a vida, a propia vida, esa que vivimos sen escandalizarnos xa por case nada.

Desde un inicio en que se nota o pouso da literatura infantoxuvenil, sobre todo nas cualificacións, a novela vai medrando a medida que se apodera da vontade do lector, mergullado nun clima de misterio, de denuncia social, tamén na atmosfera da novela negra a alternar coa realista. Certamente houbéranos gustado máis que a onomástica empregada fora galega sen discusión, e non é así -vou farto de denunciar isto, mais non desfalecerei- e que se explicara mellor como Emma pode considerarse filla única cando tivo unha irmá. Mais, do resto, fóra diso, é unha novela das que enchen, desas que cando rematas a lectura te sentes pleno porque acabas de asistir ao desenvolvemento literario dunha grande historia, desenvolvemento levado e logrado por unha autora para quen narrar é como comer. Necesitamos moitas máis novelas de Ladicia Costas así, que aínda han ser mellores, seguro.

<https://ferradura.blog/2019/06/11/critica-de-infamia-ledicia-costas-xerais/>



Tertulias literarias



Foto: lediciacostas.com

Infamia, de Leticia Costas (Suplemento Fugas, La Voz de Galicia)

Ao percorrido creativo de Leticia Costas (Vigo, 1979) súmase agora unha novela fascinante como é *Infamia*, presentada como unha novela de suspense psicolóxico. Sen dúbida os aspectos que rodean as reaccións dun conxunto de personaxes perfilados con solidez son os que sosteñen unha trama construída con indubidable habilidade e brillantez. A articulación da intriga e a arquitectura da historia resultan escrupulosas no seu deseño e efectividade, de maneira que posibilitan manternos sempre á expectativa nese nobelo que parte dunha traxedia protagonizada polas irmás Giraud que, tras vinte e cinco anos, se converteu nun caso en aparencia irresoluble. Este feito constitúe unha verdadeira espada de Damocles que pende e se estende á totalidade dos habitantes de Merlo a xeito de néboa pertinaz, creando un espazo de perfís desdubxados e misteriosos que se transparenta en silencios e medias verdades. Veláí o lugar ao que, dun xeito fortuíto, se ve abocada unha profesora de Dereito Penal chamada Emma Cruz, que carrega tamén os seus propios traumas e contradicións persoais.


Resulta innegable que *Infamia* vai máis alá das convencións de xénero pois abraza asuntos tan substantivos como os que apuntan á condición humana e aos seus abismos máis insondables, que tantas veces se irmandan coa violencia, a dor e a morte; aínda que escintile ao fondo unha luz de esperanza. Unha novela que tamén pon enriba da mesa os esteos podreiros sobre os que se asenta unha sociedade machista; terma da música, do cine e da poesía - neste caso do autor canario Félix Francisco Casanova- como fíos que, ás veces en inmanencia, alimentan parte da intriga e volve a ollada ao territorio da infancia como ese instante da vida que marca o futuro. *Infamia*, en fin, reflíctese nesa metáfora da cuberta: grous e grúas de origami que representan a batalla desigual de Emma Cruz contra todo, por veces contra ela mesma.

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2019/05/25/infamia-de-ledicia-costas/>



O gris que nos habita

Por Angelo Nero (nuevarevolucion.es)



Reivindicaba o escritor vigués Manuel Esteban, nunha entrevista que lle facía Iria Bouzas en Nueva Revolución, a beleza do gris e de todos os seus matices, tanto nas personaxes como nos escenarios do seu último libro, “O meu nome é ninguén”, de tal sorte que máis que considerarse escritor de novela negra pensa que convida a acuñar o termo de novela gris, algo que pode estenderse a unha fornada de títulos da nosa literatura máis recente. Coido que é unha boa definición, -ela mesmo recoñeceu nun faladoiro con Manuel Esteban na feira do libro de Vigo- para a nova novela de Leticia Costas, “Infamia” (Xerais, 2019), pois o gris impregna todas as súas páxinas, como unha néboa mesta que semella un dos protagonistas principais de Merlo, a pequena vila onde se desenrola a trama, e que os lectores vigueses ben poden albiscar como unha das parroquias do seu rural, Beade, onde se criou a escritora.

Grises son a meirande parte das personaxes desta desacougante novela, tinguidos pola cor dos seus fantasmas, das súas culpas, das súas derrotas, dos seus silencios, nos que Leticia Costas afonda nunha sorte de viaxe ó corazón das tebras, do que o lector tampouco sairá indemne. O certo é que este non é un libro para combater o insomnio, máis ben para provocalo ou, se cadra, para enxendrar non poucos pesadelos. Esta é unha viaxe ás miserias da condición humana, na que a autora non dubida en luxarse as mans para mostrarnos que o mal aniña en nós, en moitas formas distintas: coma autores materiais dos crimes, máis tamén como cómplices, colaboradores ou encubridores, a través da mentira, da ameaza ou do silencio.

Semella que o Merlo que descubre a profesora de Dereito Penal Emma Cruz –os dous personaxes centrais da trama- está infectado desa semente do mal que abrangue adolescentes e pais, policía e cregos, enleados nunha arañeira tecida en torno á misteriosa desaparición das irmáns Giraud.

Cunha estrutura narrativa frenética e aditiva, que nos fai navegar polas súas páxinas como por unha galerna, con ganas de que remate e deixándonos co estómago revolto, ten moito tamén de thriller psicolóxico e mesmo de denuncia social, pois pon o foco nalgũa das peores lacras desta sociedade, nas que non afondarei para non desvelar o desenrola da historia.

O interese da profesora Cruz na desaparición das irmáns –ela mesma arrastra o trauma dunha perda, vintecinco anos atrás da súa chegada á vila, desencadeara un feixe de coiteladas na néboa, que removeran ós fráxiles cimentos da sociedade de Merlo, a par que, quizais para engadirlle algún doce a tan amarga trama, Leticia Costas nos ofrezca un feixe de lugares comúns da cultura contemporánea, como David Lynch, The Smiths, Nick Cave, Alfred Hitchcock ou Joy Division, ou a descuberta de Félix Francisco Casanova, o poeta canario morto cando só contaba 19 anos, ao que recorre con frecuencia outro dos protagonistas para calmar os seus demos interiores.

Sinalarei, para rematar, que aqueles que din que a verdadeira patria dos homes é a infancia, é porque non sufriron o inferno dos abusadores nos patios dos colexios, nas casas ou nas igrexas, e por iso teñen nostalgia desa época que te marca (ou te manca) para sempre. Máis para os habitantes de Merlo, a infancia é un tempo truncado, e a súa verdadeira patria é a Infamia, que levan a costas coma unha capa de néboa.

<https://nuevarevolucion.es/o-gris-que-nos-habita-critica-de-infamia-de-ledicia-costas/>



Meterse en las tripas de la trama ("Making of")

Por Leticia Costas (Zendalibros)

Es el hambre lo que siempre me lleva a escribir una historia, esa voracidad animal que me mantiene agarrada al teclado. Suelo soltarlo cuando empiezo a ver luces brillantes y las letras en la pantalla parecen juntarse unas con otras. También las cicatrices y el hielo tienen bastante que ver en esto. Acostumbro a rescatar una esquirla de mi memoria, cualquier recuerdo que todavía hoy me haga retorcerme, y la clavo en el texto. Esto tiene mucho de catártico: es como traspasar el dolor, hacer que cambie de manos.

Lo del hielo es otro asunto. Hay sucesos que me escarchan. La congelación es una forma de autodefensa. Como una coraza que te protege de lo que sucede ahí fuera. Infamia nació de todo esto. En este caso, la esquirla fue el asesinato de Marta del Castillo. Han pasado ya 10 años y el paradero de su cuerpo sigue siendo una incógnita. Resulta difícil comprender cómo puede guardarse un secreto de ese calibre tanto tiempo. He pensado mucho en esto: en los pactos de silencio y en el dolor de unos padres que todavía no han podido enterrar a su hija. En el ciclo de la violencia, en las infancias marcadas por la tragedia, en la esperanza como único modo de aferrarse a una vida teñida de sangre. Pero no me malinterpreten, Infamia no cuenta la historia de Marta del Castillo. Infamia cuenta una historia ficticia, la de dos hermanas que desaparecieron hace 25 años: las hermanas Giraud. Y aquí ha llegado el momento de desvelar el porqué de ese apellido. Me fascinan las ilustraciones del francés Jean Giraud, más conocido bajo el pseudónimo de Moebius. Cada una de sus piezas es un universo único, lleno de criaturas y colores de ensueño que me llevan a lugares imposibles. Y aquí se abre otra de las puertas: de niña me obsesionaban las personas desaparecidas. ¿Dónde están? ¿Habrán muerto todas? ¿Existirá un no-lugar que las acoja? ¿Una especie de submundo del que no pueden salir? Todavía hoy me resultan escalofriantes los documentales sobre personas desaparecidas. Las estadísticas y los casos sin resolver. Así que me dije: «Vamos a traspasar esto que se me clava». Hacer que cambie de manos o simplemente compartirlo. Diseñé una trama llena de obstáculos. Esto no fue algo medido, pero funcionó como elemento motivador. Cada dificultad con la que me encontraba era un nuevo reto. De pronto, las noticias que veía en los informativos o leía en la prensa parecían susurrarme al oído: “Venga, atrévete con esto. Intégralo en tu historia y construye tu novela al ritmo que marcan estas barbaridades. ¿Qué pasa, que no eres capaz?”. “Pues claro que soy capaz”, me dije. Así condensé en menos de 300 páginas algunos de los capítulos más oscuros con los que nos ha abofeteado la realidad en los últimos meses.

Me obsesioné con la historia que quería contar. Ese es para mí el único modo de escribir una novela: meterme en las tripas de la trama y no dejar hueco para nada más. Las horas en esta habitación donde trabajo tienen una medida distinta. En los momentos más críticos, y también más potentes de la creación de Infamia, me olvidaba de salir a la calle. A veces durante varios días. Estaba viviendo en Merlo, el pueblo de las hermanas Giraud, y me sorbía con una pajita cada minuto. Confieso que ocho meses después de haber terminado la novela, todavía vivo allí. No he logrado salir de Merlo. Quizás sea porque no lo he contado todo.

<https://www.zendalibros.com/meterse-en-las-tripas-de-la-trama/>



Cuberta da versión en castelán



Tertulias literarias



6

Foto: Marta G. Brea (Revista GQ)

Leticia Costas Álvarez, nada en Vigo o 19 de setembro de 1979, é unha escritora galega. Gañou o **Premio Nacional de Literatura infantil e xuvenil** de España en 2015, pola súa obra *Escarlatina*, a cociñeira defunta e tres veces **Premio Lazarillo**.

Empezou moi nova no mundo da literatura, escribindo as súas primeiras novelas en plena adolescencia. Licenciada en Dereito Económico pola Universidade de Vigo, desde hai varios anos dedícase en exclusiva á creación literaria. É unha das coordinadoras da revista dixital *Criaturas*, dedicada á Literatura Infantil e Xuvenil de Galicia. En 2020 foi **Premio da Cultura Galega**.

https://gl.wikipedia.org/wiki/Leticia_Costas

Máis...

Ampla entrevista de Montse Dopico con Leticia Costas sobre "Infamia" (Praza.gal)

<https://praza.gal/cultura/en-infamia-hai-unha-sociedade-enferma-pero-non-mais-que-a-nosa-que-e-profundamente-violenta>

Entrevista en Radio Vigo (Cadena SER)

https://cadenaser.com/emisora/2019/12/10/radio_vigo/1575989870_860221.html

